

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2025.**ACTA IV. REVISIÓN DOCUMENTACIÓN FASE XUSTIFICACIÓN.
CORRECCION ERRO ACTA III**

Reúnense no Concello de Cee, o día 26/11/2025 ás 10:00 horas, os integrantes do comisión avaliadora, para proceder á revisión da documentación de xustificación das axudas concedidas ás entidades culturais que participaron na convocatoria de subvencións para actividades culturais mediante libre concorrência competitiva do Concello de Cee 2025 expediente administrativo nº 2025/A002/000005.

1.- Asisten os membros da comisión que se detallan:

Presidente: Victor Manuel Castiñeira Castro

Secretario: Juan Carlos Santabaya Louzán

Vogal: Manuel Calo Canosa

1.- Observado un erro na acta III de revisión de documentación da fase de xustificación no punto 5 que indicaba:

5. A seguinte solicitude considérase incorrectamente xustificada polos motivos que se indican:

ENTIDADE	
ASOCIACIÓN PASENIÑO	Consultada a BNDS consta unha subvención da Xunta por importe de 21.000 €, concedida 28/10/2025. No anexo presentado faise constar unha subvención do ano 2024 da convocatoria anterior por importe de 10.648,80 euros. Debe corrixir o anexo 6. Debese eliminar a subvención concedida no 2024. Debese declarar a subvención por importe de 21.000 € concedida no 2025. Debe corrixir o anexo 7. Debese eliminar a subvención concedida no 2024. Debese declarar a subvención por importe de 21.000 € concedida no 2025.

Omitíndose por erro que resultaba necesario aclarar no anexo 6 a finalidade de cada subvención declarada, e no anexo 7 incluír no apartado de ingresos a venda de lotería declarada no de gastos e declarar como gastos os correspondentes asociados as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia.

Polo tanto a comisión acorda modificar o punto 5 que queda redactado do seguinte xeito:

5. A seguinte solicitude considérase incorrectamente xustificada polos motivos que se indican:

ENTIDADE	
ASOCIACIÓN PASENIÑO	Consultada a BNDS consta unha subvención da Xunta por importe de 21.000 €, concedida 28/10/2025. No anexo presentado faise constar unha subvención do ano 2024 da convocatoria anterior por importe de 10.648,80 euros. Debe corrixir o anexo 6. Debese eliminar a subvención concedida no 2024. Debese declarar a subvención por importe de 21.000 € concedida no 2025. Debe corrixir o anexo 6. Debe indicar a finalidade de cada subvención declarada. Debe corrixir o anexo 7. Debese eliminar a subvención concedida no 2024. Debese declarar a subvención por importe de 21.000 € concedida no 2025. Debe corrixir o anexo 7. Debese indicar os ingresos derivados da venda de lotería que consta no anexo de gastos. Debe corrixir o anexo 7. Debese declarar como gastos os correspondentes asociados as subvencións concedidas pola Xunta de Galicia.



Os interesados dispoñen dun prazo de **tres días hábiles**, dende a publicación desta acta na sede electrónica municipal, para proceder á emenda das deficiencias indicadas.

A documentación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de 9 a 13.30 horas, situado na rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270 Cee, A Coruña, na sede electrónica municipal (<https://sede.cee.gal/sxc/es/>) ou na forma prevista nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sen mais asuntos que tratar finaliza a sesión sendo as 11:00 horas.

Asdo. Víctor Manuel Castiñeira Castro. Presidente

Asdo. Manuel Calo Canosa. Vogal

Asdo. Juan Carlos Santabaya Louzán. Secretario